

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2019/8	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Extraordinaria Motivo: «Sesión organizativa esixida polo artigo 38 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)»
Data	27 de xuño de 2019
Duración	Desde as 21:32 ata as 23:20 horas
Lugar	Salón de Plenos
Presidida por	María Dolores Castiñeira Alén
Secretario	Berta Alonso Soto

ASISTENCIA Á SESIÓN

Nome e Apelidos	Asiste
Alejandro Rodríguez Canosa	SÍ
Ana Cristina Pérez Cabaleiro	SÍ
Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
Lucía Pereira González	SÍ
María Dolores Castiñeira Alén	SÍ
Miguel González González	SÍ
Noelia Pérez Domínguez	SÍ
Primitivo González Rodríguez	SÍ
Rubén González Coto	SÍ



Santiago Rodríguez Davila	SÍ
Verónica Tourón Domínguez	SÍ
Ángela Ledo Souto	SÍ
Ángela Valcárcel Bernárdez	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, a Presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A Alcaldesa: Douvos a benvida a esta sesión plenaria, sobre todo as novas e novos Concelleiros que xa tivemos o noso primeiro pleno no auditorio, esta vez ocupamos o Salón de Plenos e quero darvos a benvida e tamén a benvida á veciñanza, non recordo un pleno con tanto público. Xa o dixen no meu discurso de investidura, que cría e sigo crendo que nesta lexislatura somos todos responsables e corresponsables de baixar certo nivel de tensión e crispación que todos recoñecemos que podemos ter parte de culpa nela, unha tensión que se viu traslada a este salón de plenos en diversas ocasións e xa nese pleno de investidura por primeira vez, e si non é a así que alguén mo faga saber, demos conta de que as cousas tiñan que ser doutra maneira ou eu polo menos como a vosa Alcaldesa pensei que así tiñan que ser e concorda o resto do equipo coa nosa decisión, unha nova etapa na que creemos que as formas tamén teñen que cambiar. O que sucedeu nese pleno de investidura, que logo de falar a Alcaldesa un membro xa nese momento da oposición pediu a palabra, Santiago Rodríguez Davila, e se lle concedeu, é a primeira vez que sucede.

Pretendemos que as cousas sexan diferentes e que o nivel de tensión que hai na rúa que se xerou intencionada ou inintencionadamente sexamos quen de cambialo, novas formas que quero que se trasladen a este Salón de Plenos e que xa anticipo, que quero que sexan regulados a través dun Regulamento, que trataremos de consensuar entre todos, para que os plenos sexan regulados, ordenados, fluídos e dilixentes, e sobre todo que sexa un lugar de respecto. É certo que en política sempre hai momentos de tensión, é normal, pero en todo caso pretendemos que o nivel de tensión se ten que reducir, para elo nos vindeiros días comezaremos a realizar ese regulamento, que establecera un pouco as pautas de como levar a diante as sesións, pretendemos que haxa debate, quenda de réplica, incluso cando haxa alusións, ven recollido no ROF non digo nada novo, e xa anuncio dende o comezo intentando que sexa o mellor para todos, que seguiremos esas as pautas porque creo o que ao final é responsabilidade nosa, ser respectuosos e baixar certo nivel de crispación e traballar en favor dos veciños e veciñas de Salceda.

Santiago Rodríguez: Benvidos todos a este primeiro pleno deste mandato ano 2019-2023. Alcaldesa, as formas ás que se refería é a como vostedes entraron no Pleno quince minutos máis tarde da hora prevista o pasado 15 de xuño?, ou como se chegou a ese acordo unicamente para ocupar o cargo de Alcaldía e repartirse dous



anos, a esas formas? Teño que puntualizarlle, creo que vostede está un pouco confusa cando a xente abandonou o pleno foi cando vostede empezou a dar o seu discurso non cando eu tomei a palabra, e aproveito xa para solicitarlle ao bipartito, ao novo goberno que fagan público ese suposto acordo ao que chegaron, si vostedes falan de transparencia de non ocultar ningún pacto baixo a mesa, que problema hai en que os veciños non coñezan a día de hoxe ese pacto ao que vostedes supostamente chegaron? Nin sequera son capaces de traer a este pleno ou facer publico antes deste pleno os salarios que vostedes pretenden aprobar dentro dun intre, esa é a transparencia do novo goberno? Ou hai algo que agochar? ou hai algunha contrapartida a certas persoas? ou porque se produciu ese pacto as portas do pleno e empezar o pleno 15 minutos máis tarde? ou porque se lles faltou a palabra aos veciños, aos votantes e a agrupación do Partido Socialista, por qué, a cambio de qué? Esas son preguntas que en aras da transparencia o goberno bipartito de Salceda debería aclararlle aos veciños de Salceda. Termino a miña primeira intervención solicitando en nome deste Grupo e, estou convencido, que da maioría dos Salcedenses, que vostedes colguen ese documento, ese acordo de Goberno que vostedes anunciaron, na páxina web do Concello para que todos os Salcedenses teñan dereito a velo e a coñecelo.

Alejandro Rodríguez: Hoxe é o meu primeiro pleno despois do pleno de investidura e vou a participar como voceiro de Movemento Salceda, creo que todos coincidimos e queremos o mesmo, rebaixar a crispación e creo que temos que por todos un gran de area, dende nós, dende os Concelleiros e o público tamén. Alégrome de ver o Salón de Plenos cheo, espero que estes catro anos de lexislatura teñamos esta afluencia, pero o que mais espero é que se baixe o nivel de crispación e o nivel de ataque que estamos sufrindo nós e os nosos compañeiros do PSOE. Os pactos, Santi ti sábelo, os pactos funcionan en política, na política representativa, os veciños elixen aos representantes é e totalmente legal e normal chegar a pactos, hai pactos en Madrid, hai pacto en Ourense e hai un pacto en Salceda, polo tanto creo que si valen para outros lados tamén deberían valer para Salceda. Dende Movemento Salceda imos a colaborar con todo e con todos durante estes catro anos e a nosa intención e que sexa un goberno o mais serio, forte e respectuoso posible.

Verónica Tourón: En primeiro lugar darlle a benvinda aos Concelleiros novos e que todos sexamos capaces de traballar conxuntamente, sexa dende o lado do Goberno ou como da oposición, polo ben dos Salcedenses. En segundo lugar vou darlle resposta ao compañeiro do Partido Popular non a vou a dar na prensa, creo que nunca lle faltei ao respecto nin no persoal nin no familiar a ninguén, absolutamente a ninguén dentro deste pleno nin fora, dende que estou en política nin antes, porque sigo na mesma liña, iso non foi o que aconteceu nestas últimas semanas comigo, non vou entrar nesa mesma batalla, si vou darlle unha explicación ao compañeiro do PP, vou facela so unha vez e non a vou volver a repetir durante estes catro anos, porque a política que penso facer vai ser outra, a de traballar e non entrar nestas polémicas e nestas faltas de respecto, e a de traballar. O que efectivamente pasou no pleno de investidura cara a miña familia non vou dicilo máis dunha vez, as explicación que teño que dar como Agrupación do Partido Socialista, a verdade é que non veñen a conto aquí, pero vouno



facer e volvo a dicir vouno facer unha soa vez, en primeiro lugar o de chamarme mentireira, o de faltarlle á palabra e demais aos veciños, vou aclarar varias cousas: Primeiro: A Agrupación Socialista de Salceda presentouse as eleccións dicindo dúas cousas, Marcos Besada non terá os nosos votos para ser Alcalde de Salceda e votar ao PSOE é non volver aos trinta anos de goberno do PP, co cal eu creo que non falei a palabra dada en ningún momento. Segundo: as decisións tomadas pola Agrupación do PSOE non somos un chiringuito, somos unha agrupación socialista con moitos anos de existencia, aquí a secretaria xeral e voceira do PSOE respectou en todo momento a decisión da Agrupación, non teño que dar explicacións a ti, pero si repetir que respectamos en todo momento, respectámola dende o minuto un das negociacións avalada pola agrupación socialista ata a proposta última que presentou partido socialista - movemento Salceda que foron dous anos de Alcaldía rotatorio e uns puntos bases. Esa proposta Partido Socialista - Movemento Salceda foi avalada pola Agrupación e se me pode seguir a chamando mentireira, de non cumprir coa palabra, traizón, eu non vou entrar nese debate sexa do Partido Popular ou sexa de calquera outro partido, non o fixen nunca e non o vou a empezar a facer agora, din as explicacións agora mesmo e non vou a entrar na prensa, porque creo que esta institución, este pleno, é para facer política doutra maneira. Douche as explicacións por respecto a Agrupación Socialista non a min que eu como persoa creo que non merecía o que saíu na prensa e todo o que saíu nese pleno de investidura. Podedes seguir dende o Partido Popular con esa cantinela catro anos que eu non vou a dar mais resposta que esta que acabo de dar.

A) PARTE RESOLUTIVA

Proposta de acordo sobre periodicidade das sesións do Pleno municipal.

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Sra. Alcaldesa: Da lectura a seguinte proposta de acordo seguinte:

“**Primeiro:** Fixar a celebración das sesións ordinarias do Pleno do Concello de Salceda de Caselas para o mandato 2019-2023, cada dous meses, no derradeiro xoves dos meses pares, agás en decembro, mes no que se celebrará a sesión o último xoves anterior ao 24 de decembro.

Segundo: As devanditas sesións ordinarias do Pleno celebraranse ás 20:00 horas.

Terceiro: A sesión trasladarase ao inmediato día hábil anterior en caso de coincidir en festivo.”

Sra. Alcaldesa: Esta é a proposta de Alcaldía, unha vez consultado co PP, antes de



chegar a esta sesión plenaria, por parte do PP teñen outra proposta, que expondrán a continuación.

Sr. Rodríguez Davila: Os pactos son lícitos, por suposto, o que hai que ver son as formas, eu xa sabía que ia facer este discurso, Sra. Tourón, ir de vítima, vostede non se poña nin a pielciña nin vaia de vítima porque vai a escoitar moito durante moito tempo, non deste grupo, de moitos veciños respecto do que aconteceu nas últimas semanas, polo tanto vostede claro que lle faltou a palabra a moita xente, a moitos veciños, a este grupo que lle deu por activa e por pasiva a palabra dada respecto da votación e vostede fixeron todo o contrario, pero non so a este grupo que sería o de menos se non a moitos veciños, recórdolle a última intervención súa a unha pregunta dun veciño no centro cultural de San Xurxo, a súa resposta “vamos a ver quen se suma a este proxecto”. Pero foi ao revés, vostedes se sumaron a outro proxecto, non se equivoque eu non me equivoco e os veciños moito menos, e a min por suposto que non me ten que dar explicacións e eu lle pedín que lle dera explicacións aos veciños, non a min e os veciños claro que lle van a pedir a vostedes explicacións claro que si, non lle caiba dúbida e xa lle digo, reitero non se poña a pielciña nin vaia de vítima porque vai a escoitar moito e durante moito tempo as verdades que sucederon nos últimos tempos nada máis e nada menos a verdade do acontecido, do que vostedes dixeron e do que vostedes fixeron, que hai unha gran diferenza entre o de dixeron e prometeron e entre o fixeron e votaron, polo tanto non é a min a quen lle ten que dar explicacións nin ao meu grupo se non aos veciños e a moitos dos seus votantes que están abandonando o seu partido.

Respecto a este punto, nós non estamos de acordo en que se celebren os plenos os xoves se a intención deste goberno inicialmente é unificar o horario tanto de verán como de inverno as 8:00 da tarde, nós lle plantexamos ás 8:30 porque hai compañeiros que traballan e saen as 8 e xa que pretenden unificar todos nós lle propomos as 20:30 e aos venres, mais que nada para facilitar que os plenos se poidan debater e prolongar o tempo preciso e non estar pensando que moita xente ao día seguinte vai traballar ás 5 ou 6 da mañá e sobre todos os veciños que queiran asistir ao pleno que non estean pendente do horario laboral do día seguinte, polo tanto nos solicitamos que se manteñan aos venres e se queremos unificar horario non hai ningún problema, si queren telos como antes as 20:00 H en verano e as 21:00 h en inverno, si teñen pensando unificar e poñan as 21:00 h ou as 20:30 h. esa é a nos proposta.

Sr. Rodríguez Canosa: Desde o MS si que apostamos e mantemos a nosa proposta inicial de que os plenos sexan os xoves as 20:00 h, si que coincidimos en ter un horario unificado tanto en verán como en inverno, creemos que vai a ser o mellor para todos incluso para os Concelleiros e para o público que poida asistir aos plenos, os venres é un día que soe coincidir con eventos, con outras circunstancias, creemos que para a xente o xoves é un día moito mais fácil, e podemos facer que haia mais afluencia e que o pleno sexa mis participativo.



Sra. Tourón Domínguez: No tema do horario creo que non hai disputa ninguna, si o podemos unificar e hai xente que non pode estar as 8 por suposto as 8 e media ou as 9, en principio xa as 8:30 h vai ben non temos problema ningún, en canto ao día é verdade que os venres hai eventos e outras cousas. Eu o pensaba desde o punto de vista de concelleiros da oposición despois de toda a semana de traballo chegar ao venres era complicado porque para preparar o pleno que si fora cara o principio ou a metade de semana se tería o fin de semana, despois de oíla proposta do PP podemos mantela polo menos ata que haxa ese regulamento do Pleno e poidamos acordar ese tema e darlle unha volta ou acordar outra circunstancia.

Sra. Alcaldesa: As propostas son propostas e son mudables e decidimos ter a ben realizar os plenos as 8:30 h. por motivos de conciliación laboral dos concelleiros do PP, ben e certo que respetaremos os venres con posibilidade de mudalo cando teñamos o Regulamento establecido, polo tanto sometese a votación a seguinte proposta:

“Visto o artigo 46.2.a) par 1º da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), segundo o cal “*El Pleno celebra sesión ordinaria como mínimo cada dos meses en los Ayuntamientos de los municipios de una población entre 5.001 habitantes y 20.000 habitantes; (...)*”

Propoño ao Pleno do Concello de Salceda de Caselas que, en uso da atribución propia (art. 22.2 q) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, en relación co 38.a) do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROF), adopte os seguintes.

ACORDOS:

Primeiro: Fixar a celebración das sesións ordinarias do Pleno do Concello de Salceda de Caselas, ata que se produza a aprobación do Regulamento Orgánico Municipal, cada dous meses, no derradeiro venres dos meses pares, agás en decembro, mes no que se celebrará a sesión o último venres anterior ao 24 de decembro.

Segundo: As devanditas sesións ordinarias do Pleno celebraranse ás 20:30 horas.

Terceiro: A sesión trasladarase ao inmediato día hábil anterior en caso de coincidir en festivo.”

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por **UNANIMIDADE** dos **TRECE** membros presentes á sesión; adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Fixar a celebración das sesións ordinarias do Pleno do Concello de Salceda de Caselas, ata que se produza a aprobación do Regulamento Orgánico Municipal, cada dous meses, no derradeiro venres dos meses pares, agás en decembro, mes no que se celebrará a sesión o último venres anterior ao 24 de decembro.

Segundo: As devanditas sesións ordinarias do Pleno celebraranse ás 20:30 horas.

Terceiro: A sesión trasladarase ao inmediato día hábil anterior en caso de coincidir en festivo.

Proposta de acordo sobre constitución de comisións informativas permanentes.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 7, En contra: 6,
Abstencións: 0, Ausentes: 0

Sra. Alcaldesa: Da conta da proposta seguinte:

“Visto o disposto nos artigos 66 a 68 da Lei 571997 de 22 de xuño, de Administración Local de Galicia (LALGA) así coma nos artigos 123 a 127 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

Visto que o número de Comisións Informativas permanentes, denominación, así como calquera variación das mesmas durante o mandato corporativo, decidírase mediante acordo adoptado polo Pleno a proposta da Alcaldía.

Visto que no acordo de creación das Comisións Informativas determinarase a composición concreta das mesmas, tendo en conta as seguintes regras:

- a) O Alcalde ou Presidente da Corporación, é o Presidente nato de todas elas; con todo, a presidencia efectiva poderá delegala en calquera membro da Corporación, a proposta da propia Comisión, tras a correspondente elección efectuada no seu seo.*
- b) Cada Comisión estará integrada de forma que a súa composición se acomode á proporcionalidade existente entre os distintos grupos políticos representados na Corporación.*
- c) A adscrición concreta a cada Comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma en representación de cada grupo, realizarase mediante escrito do Portavoz do mesmo dirixido ao Alcalde ou Presidente, e do que se dará conta ao Pleno. Poderá designarse, de igual forma, un suplente por cada titular.*



De conformidade co indicado no art.22.2q)) da Lei 7/1985 Reguladora das Bases do Réxime Local en relación co 38 b) e 123 e seguintes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, esta Alcaldía propón ó Pleno o seguinte acordo:

Primeiro.- Constituir as Comisións Informativas de carácter permanente que se relacionan:

Comisión informativa especial de contas e permanente de economía e facenda.

Comisión informativa de asuntos do Pleno.

Segundo.- Fixar en sete membros, incluído á Presidencia, o número de concelleiros que integren a Comisión citada.

Terceiro.- Dado que todos os grupos políticos integrantes das Corporación teñen dereito a participar nos órganos citados mediante a presenza de concelleiros pertencentes a este, e dado que a composición destas Comisións debe acomodarse á proporcionalidade existente entre os distintos grupos políticos establécese a seguinte representatividade:

Grupo Político Municipal do Partido Popular: 3 membros

Grupo Político Municipal de Movemento Salceda: 2 membros

Grupo Político Municipal do PSdeG-PSOE: 2 membros

A esos efectos, os voceiros dos distintos grupos políticos entregarán na Secretaría Xeral do Concello, escrito dirixido á Alcaldía, no que designarán aos representantes do seu grupo en cada Comisión, puidéndose así mesmo designar un suplente por cada titular.

Cuarto.- A Alcaldesa é Presidenta nata da Comisión, si ben a presidencia efectiva da Comisión poderá delegala en calquera membro da Corporación, a proposta da propia Comisión, trala correspondente elección efectuada no seu seno.

Quinto.- As Comisións Informativas celebrarán sesión cando sexan convocadas para emisión de dictame sobre asuntos que lles competan, con antelación a su inclusión na orde do día das sesións plenarias na que vaian a ser tratados e, en todo caso, celebrarán sesión ordinaria como mínimo cada dous meses, nos días e horas que se determinen na sesión constitutiva correspondente.

Sétimo.- As Comisións Informativas axustarán o seu funcionamento ao disposto nos artigos 123 a 126 e 134 a 138 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro. "

Sr. Rodríguez Davila: Esta é unha decisión neste caso do goberno, que expón tan só



dúas comisións, unha que é obrigatoria, a Comisión informativa especial de contas e permanente de economía e facenda e a Comisión informativa de asuntos do Pleno, nós votamos en falta a Comisión informativa do Plan Xeral, que xa sabemos que se pode crear cando de contrate o proxecto e a redacción do plan xeral, é polo que nos imos a abster.

Sr. Rodríguez Canosa: Dende Momento Salceda si que apostamos pola redución das comisións informativas, primeiro a proporcionalidade que presentamos creemos que é a que mais se axusta aos resultados e coa reducións das comisións informativas buscamos tamén unha maior axilidade nas tarefas administrativas e con isto tamén conseguiremos unha importante redución do gasto porque como xa sabemos que os Concelleiros que non teñen dedicación cobran por asistir as Comisións Informativas. Como dixo Santi que vota en falta a Comisión Informativa do PXOM si que apostamos dende MS que cando sexa oportuno e se comece a traballar no PXOM, crear unha Comisión especial do PXOM.

Sra. Tourón Domínguez: Pola parte do Partido Socialista estamos de acordo coa proposta que se trae, si é verdade que xa falamos de crear Comisión do PXOM no seu momento, pero como se pode crear a posteriori consideramos oportuno deixala para cando se empece a traballar niso.

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por SETE votos a favor do/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda e dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PSdeG-PSOE e SEIS votos en contra dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Partido Popular; doptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- Constituir as Comisións Informativas de carácter permanente que se relacionan:

Comisión informativa especial de contas e permanente de economía e facenda.
Comisión informativa de asuntos do Pleno.

Segundo.- Fixar en sete membros, incluído á Presidencia, o número de concelleiros que integren a Comisión citada.

Terceiro.- Dado que todos os grupos políticos integrantes das Corporación teñen dereito a participar nos órganos citados mediante a presenza de concelleiros pertencentes a este, e dado que a composición destas Comisións debe acomodarse á proporcionalidade existente entre os distintos grupos políticos establécese a seguinte representatividade:

Grupo Político Municipal do Partido Popular: 3 membros
Grupo Político Municipal de Movemento Salceda: 2 membros
Grupo Político Municipal do PSdeG-PSOE: 2 membros



A esos efectos, os voceiros dos distintos grupos políticos entregarán na Secretaría Xeral do Concello, escrito dirixido á Alcaldía, no que designarán aos representantes do seu grupo en cada Comisión, puidéndose así mesmo designar un suplente por cada titular.

Cuarto.- A Alcaldesa é Presidenta nata da Comisión, si ben a presidencia efectiva da Comisión poderá delegala en calquera membro da Corporación, a proposta da propia Comisión, trala correspondente elección efectuada no seu seno.

Quinto.- As Comisións Informativas celebrarán sesión cando sexan convocadas para emisión de dictame sobre asuntos que lles competan, con antelación a su inclusión na orde do día das sesións plenarias na que vaian a ser tratados e, en todo caso, celebrarán sesión ordinaria como mínimo cada dous meses, nos días e horas que se determinen na sesión constitutiva correspondente.

Sétimo.- As Comisións Informativas axustarán o seu funcionamento ao disposto nos artigos 123 a 126 e 134 a 138 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

Proposta de nomeamentos de competencia do Pleno de representantes da Corporación en órganos colexiados

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 7, En contra: 6,

Abstencións: 0, Ausentes: 0

Sra. Alcaldesa: Da conta da seguinte proposta:

“Unha vez constituída a Corporación resultante das eleccións municipais celebradas o 26 de maio de 2019, vista a participación do Concello de Salceda de Caselas en determinados órganos colexiados de conformidade co sinalado no art.38.c) do Rd 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, efectuase a seguinte proposta de designación segundo se detalla

Primeiro.- Designar coma representantes do Concello de Salceda de Caselas en cada unha das entidades e órganos que se indican aos seguintes concelleiros:

1.- Centros de ensino (Centro Rural Agrupado-CRA, centro de Educación Primaria CEP e Instituto de Ensino Secundario-IES):



Titular: *Ángela Ledo Souto*
Suplente: *M^a Dolores Castiñeira Alén.*

2.- *Mancomunidade da área intermunicipal de Vigo*

Alcaldesa: *M^a Dolores Castiñeira Alén.*
Representante do grupo municipal do PP
Representante do grupo municipal do PSdG-PSOE

3.- *Comité Directivo do Consorcio para a Xestión do Cilgo Urbano da Auga do Louro*

Titular: *Alcaldesa.*
Suplente: *1^a Tenente de Alcalde*

4.- *Catastro*

Titular: *Lucía Pereira González*
Suplente: *M^a Dolores Castiñeira Alén.*

5.- *Asociación de desenvolvemento rural Condado-Paradanta (GDR17)*

Titular: *Alcaldesa*
Suplente: *Rubén González Coto*

6.- *Conorcio galego de servizos de igualdade e benestar:*

6.1 *Representantes na Asemblea Xeral:*

Titular: *Alcaldesa*
Suplente: *Ángela Ledo Souto*

6.2.- *Órganos de xestión da escola infantil:*

Comisión mixta Consorcio Galego-Concello: *Alcaldesa*
Consello Escolar: *Alcaldesa e Ángela Ledo Souto*

7.- *Rede de dinamización lingüística:*

Titular: *Alejandro Rodríguez Canosa*
Suplente: *Rubén González Coto*

8.- *Mesa Local de Comercio:*

Titular: *Alcaldesa*
Vogal: *1^a Tenente de Alcalde*

Segundo.- Dar traslado do presente acordo aos órganos colexiados relacionados e á Directiva dos Centros Escolares.”



Sr. Rodríguez Davila: Nós imos a abstermos dado que tamén son órganos colexiados que nos pertencen e corresponde por asignación neste caso da Mancomunidade da cal discrepamos respecto da situación actual, polo cal este grupo vaise a abster neste punto.

Sr. Rodríguez Canosa: Dende MS apoiamos o reparto que se fai de representatividade, buscando unha boa respresentitivade entre os ous grupos, entre MS e PSOE incluso na Mancomunidade da área intermunicipal de Vigo incluímos un representante da cada partido político e polo tantoimos a apoiar a proposta.

Sra. Tourón Domínguez: A proposta foi feita conxuntamente polo grupo MS e PSOE co cal nosimos a apoiala.

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por SETE votos a favor do/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda e dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PSdeG-PSOE e SEIS votos en contra dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Partido Popular; doptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- Designar coma representantes do Concello de Salceda de Caselas en cada unha das entidades e órganos que se indican aos seguintes concelleiros:

1.- Centros de ensino (Centro Rural Agrupado-CRA, centro de Educación Primaria CEP e Instituto de Ensino Secundario-IES):

Titular: Ángela Ledo Souto
Suplente: M^a Dolores Castiñeira Alén.

2.- Mancomunidade da área intermunicipal de Vigo

Alcaldesa: M^a Dolores Castiñeira Alén.
Representante do grupo municipal do PP
Representante do grupo municipal do PSdG-PSOE

3.- Comité Directivo do Consorcio para a Xestión do Cilgo Urbano da Auga do Louro

Titular: Alcaldesa.
Suplente: 1^a Tenente de Alcalde

4.- Catastro

Titular: Lucía Pereira González
Suplente: M^a Dolores Castiñeira Alén.



5.- Asociación de desenvolvemento rural Condado-Paradanta (GDR17)

Titular: Alcaldesa

Suplente: Rubén González Coto

6.- Consorcio galego de servizos de igualdade e benestar:

6.1 Representantes na Asemblea Xeral:

Titular: Alcaldesa

Suplente: Ángela Ledo Souto

6.2.- Órganos de xestión da escola infantil:

Comisión mixta Consorcio Galego-Concello: Alcaldesa

Consello Escolar: Alcaldesa e Ángela Ledo Souto

7.- Rede de dinamización lingüística:

Titular: Alejandro Rodríguez Canosa

Suplente: Rubén González Coto

8.- Mesa Local de Comercio:

Titular: Alcaldesa

Vogal: 1ª Tenente de Alcalde

Segundo.- Dar traslado do presente acordo aos órganos colexiados relacionados e á Directiva dos Centros Escolares.

Proposta de delegación de competencias do Pleno na Xunta de Goberno Local.

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Sra. Alcaldesa: Da consta da seguinte proposta:

“A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, dispón nos seus artigos 21 e 22 a atribución de competencias á Alcaldía e ao Pleno respectivamente, sinalando para cada un destes órganos a posibilidade de delegar parte das súas competencias.

Considerando que a Xunta de Goberno Local se configura como órgano colexiado no que resulta posible efectuar ditas delegacións, e que polo seu funcionamento, celebra sesión ordinaria cada quince días, resulta máis eficaz e áxil na defensa dos intereses municipais así coma en determinados asuntos que teñen directa repercusión na veciñanza, propono ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte



ACORDO

Primeiro.- Delegar na Xunta de Goberno Local o exercicio das seguintes competencias:

1.- O exercicio de accións xudiciais, administrativas e defensa da Corporación en materia de competencia plenaria, así como o exercicio da potestade de investigación, de recuperación de oficio e de deslinde.

2.- A declaración de lesividade dos actos do Concello.

3.- As contratacións e concesións de toda clase cando sexan competencia do Pleno, con exclusión das concesión de bens e servizos por máis de 5 anos e que superen o 20% dos recursos ordinarios do orzamento, por prohibición expresa do artigo 47.2 LBRL

4.- A aprobación dos proxectos de obra e servizos cando sexa competente o Pleno para a súa contratación ou concesión e cando aínda non estean previstos nos orzamentos.

5.- A adquisición de bens e dereitos, así como o alleamento dos mesmos cando sexa competente o Pleno, con exclusión do alleamento de bens que excedan do 20% dos recursos ordinarios, por prohibición expresa do artigo 47.2 LBRL

6.- A concertación das operacións de crédito cuxa contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento, salvo as de Tesourería, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por 100 dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior, todo iso, de conformidade co disposto en a Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, na súa nova redacción dada polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Segundo.- O Pleno en calquera momento poderá asumir as atribucións delegadas nesta Resolución sen perxuício da súa avocación segundo o disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público

Terceiro.- Da presente resolución darase conta á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que celebre e será publicada no Boletín Oficial da Provincia, sen perxuício da súa efectividade desde o día seguinte ao do presente acordo

Cuarto.- No non previsto neste acordo rexerá o disposto na Lei 7/1985, Lei 5/1997 e RD 2568/1986, no marco das regras que para as delegacións se establece nestas normas."



Sr. Rodríguez Davila: imos a ver quen van presidir esta Comisión, e no suposto caso de que o goberno decida que a presida o único concelleiro que vai quedar sen dedicación que é o Sr. Miguel vai cobrar 200 € cada quince días (número redondos) ao mes son 400 € que sería 4800 € ao ano. Alex non consideras mellor que presidira a Comisión un Concelleiro con dedicación que posiblemente a presida o Sr. Miguel, e aforraríamos 4800 € ao ano en vez de 72 € que é o que cobra un Concelleiro do PP por unha comisión? Esa é unha proposta sensata aí poderíamos aforrar solo niso, imos a ver si a preside o Sr. Miguel ou non, eu déixoo caer enriba da mesa para que tomen nota os Sres. membros do goberno porque é un aforro importante.

Isto é, verdade Sra Verónica, baleirar o pleno de competencias, aquilo que pataleabamos fai catro anos, porque o Sr. Besada aprobaba pola porta de atrás, resulta que agora vostede co seu voto, dou por feito que vai votar a favor, vai aprobar baleirar o pleno de competencias para que a Comisión de Goberno decida os grandes proxectos, e que non teñamos, nin tan sequera dereito a veto que non oímos a ter porque non temos maioría neste pleno, se non o dereito de facer propostas de mellorar os proxectos, que foi o que paso nestes catro anos, había veciños nestes últimos tempos que nos preguntaban porqué non lle parabamos no pleno tendo a maioría, por exemplo, aberracións como a rotonda do lado do colexio, había que dicirle que non viñan a pleno porque a Comisión de Goberno, o goberno en minoría aprobaba eses proxectos, e agora vostedes é o que van a facer, aprobar na Comisión de Goberno os proxectos sen que este grupo maioritario da corporación poida opinar ao respecto ou poida dar unha alternativa para mellorar eses proxectos, para melloralos ou para discrepar dos mesmos. Esa é a coherencia, esa é a sensatez, por eso que nós non estamos de acordo non con todos estes puntos, que efectivamente en aras de axilizar a labor do goberno por suposto que está ben delegar certas cousas que é competencia do Pleno na Comisión de Goberno, que a propia palabra xa o di, so están os membros do Goberno, polo tanto nós estamos de acordo en delegar competencias do pleno na comisión de goberno, iso é coherencia, quero que quede recollido en acta para o futuro, coherencia, cousas sensatas de acordo, agora, por que nós non podemos participar en grandes proxectos en decidir si é bo ou malo, ou mellorar eses proxectos?

Estoume acordando do que está pasando agora mesmo na Devesa, non tivemos nin voz nin voto algúns parece que discrepaban e agora saen na foto, pero non pasa nada, iso é o que a xente en política cada esta vez mais... non vou poñer eu o adxectivo, porque se di unha cousa e totalmente a contraria. Unha cousa é matizar certas cousas, unha cousa é, pois co paso de tempo, ter outra con respecto de certos asuntos e a cousa moi diferente é votar unha cousa e exactamente a contraria catro anos despois, que é o que vai pasar dentro dun intre con isto e con outras cousas máis. Polo tanto nós solicitamos que se retire do acordo o punto catro, e si se retira ese punto non temos problema a abstención se non votaremos en contra. Vou a ler o punto catro: *“4.- A aprobación dos proxectos de obra e servizos cando sexa competente o Pleno para a súa contratación ou concesión e cando aínda non estean*



previstos nos orzamentos.” É dicir, estes son os grandes proxectos que moitas das bases de contratación de administracións como a Deputación ou a Xunta en moitos deles regula que ten que ser o pleno e o que se pretende é que esa competencia que é deste pleno se traslade a Comisión de Goberno, polo tanto nós solicitamos que esa competencia siga sendo deste pleno deses grandes proxectos para poder traelos aquí debatelos, como se facía no período 2007-2015, iso é o que nós pedimos en aras da transparencia e da política participativa e todas estas cousas

Sra. Alcaldesa: Eu creo que si que podemos asumir o compromiso de traer ao Pleno non só o punto catro se non moitos deles sempre que os prazos no lo permitan.

Sr. Rodríguez Canosa: Dende MS si que apostamos por facer esta delegación de competencias porque a Xunta de Goberno Local é un órgano colexiado, a pesar que o goberno ten maioría e poderíamos aprobar os proxectos no pleno si que moitas veces por vías de urxencia, por ter que xustificar subvencións, por licitacións, é mais áxil e mais habitual aprobar estes asuntos na Xunta Local, agora si, desde MS transmitimos o noso compromiso de traer ao pleno moitos dos temas que se poden tratar na XGL así como os temas importantes serán traídos ao pleno.

Sra. Tourón Domínguez: Fai catro anos esta proposta non estaba no pleno de organización co cal eu non puider votar nada, que agora vote outra cousa contraria porque non estaba no pleno de organización e non se votou, non a votou o PSOE nin o PP. Isto é un goberno de coalición, sei que os compañeiros do PP van a pasar catro anos dicindo “dixeches que”. Nun goberno de coalición se trata de chegar a acordos, e chegar a acordos se trata de ceder e perder nunha parte, gañar e ceder na outra e ao revés, isto é un goberno de coalición, ao PSOE lle houbese gustado ter maioría absoluta e poder facer todo o que dixó que ía facer, pero un goberno de coalición é así, porque entendo que si o PP gobernara con seis concelleiros intentaría chegar a acordos para moitas cousas se non, non as podería aprobar.

En canto a delegar en XGL, volvo a repetir non votamos isto en catro anos, a idea de delegar na XGL é cuestión de prazos se ben había o compromiso entre os dous partidos de traer ao pleno o máximo posible aínda que estiveran delegados na XGL, pola nosa parte non hai ningún problema en retirar o punto catro que pide o PP e que non sexa delegado en XGL.

Sr. Rodríguez Davila: A min non me tes que explicar nada, sabemos todos perfectamente como é, este grupo sabeo perfectamente, non me tes que explicar nada nin como é un goberno bipartito, de coalición, de amiguismo, o que si deberías explicar é o que se fixo, pero non a min nin a este grupo, aos veciños. Nós o que queremos é o acordo plenario. O que queremos é que retiremos o punto catro da orde do día.



Sra. Alcaldesa: O noso compromiso era traer a este pleno todo o máximo o posible. Iremos votar a proposta modificada coa retirada do punto catro.

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por **UNANIMIDADE** dos **TRECE** do/as Concelleiros/as asistentes a esta sesión; **doptándose o seguinte acordo:**

Primeiro.- Delegar na Xunta de Goberno Local o exercicio das seguintes competencias:

1.- O exercicio de accións xudiciais, administrativas e defensa da Corporación en materia de competencia plenaria, así como o exercicio da potestade de investigación, de recuperación de oficio e de deslinde.

2.- A declaración de lesividade dos actos do Concello.

3.- As contratacións e concesións de toda clase cando sexan competencia do Pleno, con exclusión das concesión de bens e servizos por máis de 5 anos e que superen o 20% dos recursos ordinarios do orzamento, por prohibición expresa do artigo 47.2 LBRL

4.- A adquisición de bens e dereitos, así como o alleamento dos mesmos cando sexa competente o Pleno, con exclusión do alleamento de bens que excedan do 20% dos recursos ordinarios, por prohibición expresa do artigo 47.2 LBRL

5.- A concertación das operacións de crédito cuxa contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento, salvo as de Tesourería, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por 100 dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior, todo iso, de conformidade co disposto en a Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, na súa nova redacción dada polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Segundo.- O Pleno en calquera momento poderá asumir as atribucións delegadas nesta Resolución sen perxucio da súa avocación segundo o disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público

Terceiro.- Da presente resolución darase conta á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que celebre e será publicada no Boletín Oficial da Provincia, sen perxucio da súa efectividade desde o día seguinte ao do presente acordo

Cuarto.- No non previsto neste acordo rexerá o disposto na Lei 7/1985, Lei 5/1997 e RD 2568/1986, no marco das regras que para as delegacións se establece nestas normas.



Proposta de acordo sobre retribucións de cargos con adicación exclusiva e parcial. Asistencias. Dotacións económicas dos grupos políticos

Favorable

Tipo de votación:

Ordinaria

A favor: 7, En contra: 6,

Abstencións: 0, Ausentes:

0

Sra. Alcaldesa: Si vos paracede debatimos este punto e o punto seguinte conxuntamente pois son moi similares.

Sr. Rodríguez Davila: Por nós non hai problema sempre se realice duas votación.

Sr. Rodríguez Canosa: Por MS estamos de acordo.

Sra. Tourón Domínguez: Nós tamén estamos de acordo.

Sra. Alcaldesa: Dou lectura as propostas:

Visto que de conformidade co disposto nos artigos 75, 75 bis e 75 ter da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e no artigo 13.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, os membros das Corporacións Locais teñen dereito a percibir retribucións polo exercicio do seu cargo cando o desempeñen en réxime de adicación exclusiva ou parcial, así como a percibir indemnizacións na contía e condicións que estableza o Pleno da Corporación, en concepto de asistencias pola concurrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte.

Así mesmo os Grupos Políticos Municipais teñen dereito a dispoñer dunha infraestrutura mínima de medios materiais e persoais para o exercicio do cargo, o que fai aconsellable a asignación dunha cuantía económica de carácter mensual, que conterà un compoñente fixo idéntico para todos os grupos e outro variable en función do número de membros.

Considerando o disposto pola Disposición adicional trixésima quinta da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018 e que resulta aplicable: "De conformidad con lo previsto en el artículo 75 bis de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases del Régimen Local, según la redacción dada por la Ley 27/2013, de 27 de diciembre, de racionalización y sostenibilidad de la Administración Local, y considerando lo dispuesto en el artículo 20 de la presente Ley, el límite máximo total que pueden percibir los miembros de las Corporaciones Locales



por todos los conceptos retributivos y asistencias, excluidos los trienios a los que, en su caso, tengan derecho aquellos funcionarios de carrera que se encuentren en situación de servicios especiales, será el que se recoge a continuación, atendiendo a su población:: (...)

Considerando que para un municipio comprendido entre 5.000 e 10.000 habitantes o límite son 46.593,58 euros anuais.

Considerando o disposto polo artigo 75 ter da LRBRL que establece os límites no número de cargos públicos das entidades locais con adicación exclusiva, fíxándose que para os Concellos de municipios con poboación comprendida entre 3.001 e 10.000 habitantes, os membros que poderán prestar os seus servizos en réxime de adicación exclusiva non excederá de tres.

Considerando o equipo de goberno a necesidade de determinar a adicación exclusiva ou parcial dalgúns dos seus membros aos efectos da correcta realización das súas tarefas de dirección política do Concello, por elo, propono ao Pleno do Concello de Salceda de Caselas que, en uso da atribución propia (art. 22.2 q) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL en adiante), en relación co art 75 da LRBRL, previa a preceptiva fiscalización da Intervención do Concello, adopte os seguintes

ACORDOS:

Primeiro.- Determinar a adicación exclusiva en relación aos seguintes cargos de goberno do Concello de Salceda de Caselas, coas retribucións que se indican:

-Alcaldía: Retribucións mensuais brutas de 3040,00 € en 12 pagas e dúas extraordinarias en xuño e decembro (Total anual: 42560,00 € + seguridade social a cargo do Concello).

-Primeira tenencia de Alcaldía: Retribucións mensuais brutas de 2200,00 € en 12 pagas e dúas extraordinarias en xuño e decembro (Total anual: 30800,00 € + seguridade social a cargo do Concello).

-Concellaría Facenda, réxime interior, seguridade, tráfico e turismo: Retribucións mensuais brutas de 2200,00 € en 12 pagas e dúas extraordinarias en xuño e decembro (Total anual: 30800,00 € + seguridade social a cargo do Concello).

Segundo.- Determinar a adicación parcial (cun réxime equivalente a seis horas diarias de xornada de traballo, cuxo cumprimento deberá ser obxecto de control polos medios que determine a Alcaldía) en relación aos seguintes cargos de goberno do Concello de Salceda de Caselas, coas retribucións que se indican:



- *Cultura, festexos, normalización lingüística, novas tecnoloxías, mocidade, asociacionismo e patrimonio: Retribucións mensuais brutas de 1500,00€ en 12 pagas e dúas extraordinarias en xuño e decembro (Total: 21000,00 € + seguridade social a cargo do Concello).*

- *Medio rural, medioambiente e deportes: Retribucións mensuais brutas de 1500,00€ en 12 pagas e dúas extraordinarias en xuño e decembro (Total: 21000,00 € + seguridade social a cargo do Concello).*

- *Ensino, infancia, benestar social, sanidade e voluntariado: Retribucións mensuais brutas de 1500,00€ en 12 pagas e dúas extraordinarias en xuño e decembro (Total: 21000,00 € + seguridade social a cargo do Concello).*

Terceiro.- Modificar a base 35.e) das Bases de Execución do Presuposto Municipal prorrogado para o ano 2019, nos termos indicados no apartado segundo do presente acordo.

Cuarto.- Remitir a fixación de asistencias indicadas no artigo 75.3 e .4 LRBRL, aos acordos de aprobación das bases de execución do orzamento xeral do Concello vixente para cada exercicio.

Quinto.-Remitir a fixación das dotacións económicas dos grupos políticos, indicadas no artigo 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, aos acordos de aprobación das bases de execución do orzamento xeral do Concello vixente para cada exercicio.

Sexto.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia e fixar no taboleiro de anuncios da Corporación.”

Sr. Rodríguez Davila: Solicito que dado o interese do punto a tratar, solicito que o goberno se manifeste ao respecto e logo eu como portavoz deste grupo interveño.

Sra. Alcaldesa: As quendas son sempre por orde de representación, o PP será o primeiro, segundo MS e PSOE terceiro. Acepto a túa solicitude e como excepción da comezo MS.

Sr. Rodríguez Canosa: Remitímonos a proposa de Alcaldía que aquí presentamos.

Sra. Tourón Domínguez: Como isto é un acordo do equipo de goberno o PSOE tamén se vai a sumar á proposta, por ser unha proposta conxunta.

Sr. Rodríguez Davila: O que pretende este grupo e para os sucesivos pleno, e se así o ten a ben a Alcaldesa, é que como hai un goberno fusionado o que pretendemos para



non alongar, como xa temos a experiencia pasada e que en certos puntos falaban tres persoas: O Alcalde, o Concelleiro/a delegado, o portavoz e o portavoz do PSOE o que pretendemos é en aras de axilizar, de non “emborrachar” aos veciños que esteán presentes nos diferentes plenos que sexa unha persoa en nome do goberno que defenda un punto. O que nós queremos é en aras de axilizar os plenos e de non aburrir ao personal é que unha persoa, o Concelleiro/a delegado/a, ou Concelleiro/a ou portavoz que vostedes decidan, que defendan ese punto e nós contestaremos e viceversa.

Como non hai motivación por parte dos dous grupos en defender o que traen aquí, non hai argumentos ou polo menos tiveron ocasión na súa primeira intervención non tiveron motivos suficientes para defender diante dos veciños a barbaridade que pretenden aprobar, me toca a min e vou a expoñer o que en nome deste Grupo consideramos. Coherencia na vida e na política é intentar ser xustos e plantexar as cousas sensatas cando se pretende gobernar e cando un exerce a oposición aínda despois de gañar as eleccións. Nós no ano 2015 plantexamos aos veciños unha redución do 25 % na situación que anos anteriores viñamos padecendo, neste ano 2019 plantexamos unha redución dun 20 % en aras da situación actual. O tema non é, como levo dito nos últimos anos, unha dedicación exclusiva dun concelleiro ou o soldo do/a Alcalde/sa aquí o tema é a suma total, non que haia dúas dedicacións ou tres é a suma total, o custe total que os salcedendes van ten que pagar por un goberno nun periodo de catro anos, ese é o quid da cuestión, ou ter un cargo de confianza, que por certo había que ver as actas do 2006-2007 o que dicía a oposición do cargo de confianza, e agora damolo por normal, e nós tamén, iso é coherencia. O que non é coherencia é que hai catro anos se enfadaban todas no sillón cando se aprobaban os soldos e resulta que agora van a votar con aqueles que fai catro anos votaban os soldos que se aprobaron, incoherencia é votar con aquelas persoas que a día de hoxe non devolveron os cartos por facer, supostamente, folga no día da muller. Incoherencia é olvidarse daquel suposto fondo solidario, que aquel goberno a paga de navidade meteu en non sei que conta do banco e nada se soubo dela, incoherencia é votar a favor con aquelas persoas que dicían defender persoas que o estaban pasando mal que por desgracia, sí houbo persoas que pasaron mal, me estou a referir, entre outras, a persoas desahuciadas, e so levaban a camisa pero nin un euro público de axudas directas a esas persoas, si houbo axudas de préstamo de local pero non axudas directas. Incoherencia é facerse amigos daquelas persoas que lle faltaban ao respecto nos plenos, incluso algun deles en que non lle tocaba a falar a certa persoa, e que por certo, saímos todos en defensa. Incoherencia é agora sumarse a aqueles que durante catro anos bloqueaban a acción de oposición dos membros desta corporación, bloqueándonos a acción de oposición, nada de mocións, interpretacións do ROF a súa maneira, non deixando votar certas cuestión e agora resulta que os que eran malos malísimos resulta que son amigos amiguísimos e buenos buenísimos. Incoherencia é dicir “o concepto de digno o teñen distorsionado porque non é normal que existan cinco adicacións completas porque ademais das tres exclusivas as dúas parciais son de 6 horas e non de 4 horas como antes se tiñan, din que se pretende



cobrar o mesmo por 6 horas que por 8” Verónica Tourón ano 2015, vostede dentro dun rato vai facer o contrario do que manifestaba aquí, outra “dille a Sra Tourón que non mantén unha postura coherente con todo o viña defendendo o PSOE nos últimos catro anos” Sr. González Rodríguez (Sito), “dille a Sra. Tourón Domínguez que fai catro anos que cun concelleiro esixiron dous postos de traballo” Sr. Besada, ven dicíndolle que vostedes con un concelleiro veñen esixíndolle dous postos de traballo “di que plantean unas dedicacións exclusivas, adicacións parciais de 4 horas e a aseoría de alcaldía que corresponda cun límite de 1.600 € en exclusivas e de 1.000 € en adicacións parciais” Sra. Tourón Domínguez. Pleno de 13 de xuño de 2015 en canto as dedicacións e retribucións indica que as propostas do PSdeG-PSOE son de 1.600 € as dedicacións exclusivas por 8 horas e 1.000 € por dedicacións parciais por 4 horas engade que o Sr. Alcalde lle parecían ben esas retribucións para o PSdeG pero non lle valen para os seus concelleiros” Sra. Tourón Domínguez; agora non lle valen 1600 e 1000 €, Sra. Tourón? “fai falta xente a disposición dos veciños para facer cousas pero sin ter xente cuns salarios desorbitados da o exemplo de Tui, unha dedicación exclusiva do Alcalde e duas parciais” Sra. Tourón Domínguez. Vostede sabe o que lle vai a supoñer aos veciños de Tui o goberno de Tui actual?

Podería poñer máis exemplos. Nin vostede tiña razón antes nin ten a razón absoluta agora. Voulle poñer catro casos, que logo faremos públicos e intentaremos darlle a máxima difusión, para que a xente vexa do que estamos a falar: Concello de Marín, 25000 habitantes, 13 millóns de euros de orzamento, custo total 258000 euros, a cada veciño lle vai a suponer 10 euros. Concello de Salceda de Caselas, 9200 veciños, 4,5 millóns de euros, custo total do goberno 250000 euros, custo por habitante 27 euros. Salvaterra de Miño 9700 habitantes, orzamento 5 millóns de euros (número redondos), custo do goberno actual 137000 euros máis seguridade social, saélle a cada veciño a 14 euros. Concello de Tui, habitantes 17000 veciños, orzamento 8,1 millóns, custo do goberno 205000, custo por veciño 12 euros. Insisto, esto non hai por onde xustificalo, isto igual que nos últimos 8 anos é unha barbaridade, pero a vostedes lle da igual, mentras que as necesidades e outras cuestións están nunha segunda posición de prioridades, aquí o importante é vir a política e vivir dela e non a servir aos veciños, hai que ter soldos e dedicacións pero non todos. 250000 € é o que vai custar este goberno nun ano, é dicir, 1 millón de euros en catro anos. Por suposto o noso apoio vai a ser na discrepancia, na difusión pública e sobre todo na fiscalización, e sobre todo, despois de ver o informe de intervención que conclúe con catro puntos: *“A proposta cumpre cos límites establecidos pola normativa - A día de emisión do presente informe non existe crédito para o financiamento do maior gasto que supón a proposta, polo que, de ser o caso, deberá operarse unha modificación ao orzamento a efectos de dotar de cobertura o maior gasto dimanante, de adoptarse, do acordo, debendo, en todo caso, quedar condicionada a eficacia deste á realización da modificación orzamentaria precisa. - A xuízo desta Intervención, sería desexable unha maior motivación da necesidade no incremento nas dedicacións”* lle están decindo que motiven porque son necesarias tantas dedicacións, estamos totalmente de acordo, non hai xustificación.



Remato, coherencia é ser sensatos na vida, é decirlle aos veciños o que vas facer, non dicirlle aos veciños o que logo non eres capaz, nin vas facer, nin cumples co que lle dixeches aos veciños. Nós estamos de acordo coa dedicación do/a Alcade/sa e o cargo de confianza, nós non votamos o non por non, vostedes reduzanse o 20 % do que custaba o goberno anterior e nós votamos a favor.

Sr. Rodríguez Canosa: Dende MS apoiamos e sempre apoiaremos a dignificación da vida política dos cargos políticos, somos conscientes de que os concelleiros asumimos responsabilidades as 24 horas do día, 7 días da semana, isto non é vir aquí 6 horiñas pola mañá marchar a casa, e vós tamén os sabedes, eu creo que non ides a estar nunca de acordo cos salarios, eu creo que si baixamos o 20 % buscardes algo para non estar de acordo, os salarios dignos en política é a única forma de que a xente do común poida acceder a política, se en política non temos salarios dignos a política está reservada para ricos, para funcionarios e pouco máis. Respecto do 2015, no 2015 se propoñía 250000 €, seguridade social incluída, no 2019 xa pasaches a incluír 250000 € sen SS incluída, vouche facer dúas comparativas: o custe do goberno nos anos 2011-2015, no que había 9 persoas do goberno cobrando, 7 concelleiros e 2 persoas de confianza o custe era de 183900 € o custe deste mandato que propoñemos vai ser de 188160€ unha subida en oito ano de solo 4000 €, practicamente subiu mais o IPC. O último dato a dedicación que estou propondo para min, o meu soldo vai ser de 1100 € ao mes, se alguén cree que este é un soldo abusivo para unha responsabilidade de 24 horas ao día, 7 días a semana. Por último dende MS apoiaremos sempre os salarios dignos en política e por eso apoiamos esta proposta de Alcaldía.

Sra. Tourón Domínguez: Vou empezar a exposición no punto en que a rematou o compañeiro do PP no punto anterior, el pedía que só tiveramos un portavoz e eu lle pedía a razón e vostede me dicía que a razón era que antes había un goberno en minoría, pois a defensa dos soldos é mesma, hai catro anos nesa lexislatura había un goberno en minoría e agora hai un goberno de maioría. O goberno que había de maioría do 2011-2015 non era nove persoas, eran sete persoas, cinco concelleiros e dúas de confianza, o goberno do 2011-2015 no pacto feito naquel enton había cinco persoas concelleiras e dúas de confianza, sete persoas no total ao fronte do goberno, neste volve haber sete persoas, seis concelleiros e unha persoa de confianza e o importe é similar, eso é o que hai que mirar, as persoas que están ao fronte e o total, e o total é o mesmo que hai oito anos cun goberno en maioría, iso é o que defende o PSOE. Gostaríame preguntarche cun suposto Goberno en minoría do PP cos seis concelleiros cantas dedicacións pondrías? Remítome ao mesmo ao pacto asinado coas sete persoas no 2011-2015 do goberno de maioría naquela BNG-PSOE e neste momento MS-PSOE, por ser un goberno en maioría e hai catro anos era un goberno en minoría. Por outra banda no goberno de 2011-2015, gobernando BNG-PSOE, o meu grupo tiña voz nos plenos non sei a que ven agora que este só fale un grupo, nun goberno de coalición o meu grupo vai ter voz igual que ten MS e o PP. En canto a



difusión das noticias pedirche que teñas respecto as mulleres nas notas de prensa.

Sra. Alcaldesa: Quero facer unha aclaración. A folga do 8 M que secundamos Tere, Carla e eu, como cargos políticos, seguimos exercendo a nosa representación durante todo o día de folga aínda que a apoiaramos, o diñeiro foi destinado a asociación mulleres rurais, espero que non veña a este pleno nunca máis.

Sr. Rodríguez Davila: Quen vai ser a persoa do cargo de confianza? Traen unha proposta cun salario e non sabemos si esa persoa é merecedora dese salario, nós non temos dereito a saber a persoa que vai a ter o grado de confianza? O importante é que imos a ter un goberno que lle vai a costar 258000 € ao ano aos veciños, o importante é que cada veciño vai a pagar 27 € por estes salarios fronte aos outros que van a pagar 10, caso de Marín, caso de Tui 12. Isto é intolerable para un Concello coma o noso onde non temos hoteles, non temos praias, non temos ríos, non temos mar, non temos grandes industrias, somos un Concello mais ben pequeno. O noso voto por suposto vai ser en contra.

Sr. Rodríguez Canosa: Dende MS non temos nada mais que aportar, xa fixemos a nosa defensa da proposta e evidentemente votaremos a favor.

Sra. Tourón Domínguez: So por aclarar en canto aos titulares, había un titular que dicía “duas mulleres mal avenidas e movidas polos fios dun home” iso roza moitísimo... non vou dicir a palabra. En canto ao tema do cargo de confianza, en todos estes anos sempre se aprobou o cargo de confianza, incluído cando foi o meu, sen saber o nome, en canto o que lle vai a costar este goberno ao Concello, volvo a repetir o mesmo que o goberno do ano 2011-2015 onde había un goberno maioritario entre o BNG-PSOE, hai unha diferenza de 4000 € ao ano, que son uns 300 € ao mes, oito anos despois, e se non comprobo, entre o custo das dedicacións e as asistencias aos órganos colexiados. O que aínda non me repostache é cantas adicacións tería o PP, con seis concelleiros.

Sr. Rodríguez Davila: Vostede está dicindo mentira, o que se vai a votar non son as asistencias aos órganos colexiados, o custo do goberno actual se incrementa con respecto do ano 2011-2015 en 30000 €, un 20% máis. O problema non son as dedicacións o problema é o custo total e remítome á proposta deste grupo a redución do 20 % con respecto ao goberno sainte.

Sra. Alcaldesa: Quero dicir que este grupo de goberno cada euro que este Concello invirta nel vai vir triplicado na consecución de subvencións, de proxectos e sobre todo na dedicación de horas que nos faremos a este Concello polo ben dos/as veciños/as de salceda.

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por SETE votos a favor do/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda e dos/as



Concelleiros/as do Grupo Municipal PSdeG-PSOE e SEIS votos en contra dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Partido Popular; adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- Determinar a adicación exclusiva en relación aos seguintes cargos de goberno do Concello de Salceda de Caselas, coas retribucións que se indican:

-Alcaldía: Retribucións mensuais brutas de 3040,00 € en 12 pagas e dúas extraordinarias en xuño e decembro (Total anual: 42560,00 € + seguridade social a cargo do Concello).

-Primeira tenencia de Alcaldía: Retribucións mensuais brutas de 2200,00 € en 12 pagas e dúas extraordinarias en xuño e decembro (Total anual: 30800,00 € + seguridade social a cargo do Concello).

-Concellaría Facenda, réxime interior, seguridade, tráfico e turismo: Retribucións mensuais brutas de 2200,00 € en 12 pagas e dúas extraordinarias en xuño e decembro (Total anual: 30800,00 € + seguridade social a cargo do Concello).

Segundo.- Determinar a adicación parcial (cun réxime equivalente a seis horas diarias de xornada de traballo, cuxo cumprimento deberá ser obxecto de control polos medios que determine a Alcaldía) en relación aos seguintes cargos de goberno do Concello de Salceda de Caselas, coas retribucións que se indican:

- Cultura, festexos, normalización lingüística, novas tecnoloxías, mocidade, asociacionismo e patrimonio: Retribucións mensuais brutas de 1500,00€ en 12 pagas e dúas extraordinarias en xuño e decembro (Total: 21000,00 € + seguridade social a cargo do Concello).

- Medio rural, medioambiente e deportes: Retribucións mensuais brutas de 1500,00€ en 12 pagas e dúas extraordinarias en xuño e decembro (Total: 21000,00 € + seguridade social a cargo do Concello).

- Ensino, infancia, benestar social, sanidade e voluntariado: Retribucións mensuais brutas de 1500,00€ en 12 pagas e dúas extraordinarias en xuño e decembro (Total: 21000,00 € + seguridade social a cargo do Concello).

Terceiro.- Modificar a base 35.e) das Bases de Execución do Presuposto Municipal prorrogado para o ano 2019, nos termos indicados no apartado segundo do presente acordo.

Cuarto.- Remitir a fixación de asistencias indicadas no artigo 75.3 e .4 LRBR, aos acordos de aprobación das bases de execución do orzamento xeral do Concello vixente para cada exercicio.



Quinto.-Remitir a fixación das dotacións económicas dos grupos políticos, indicadas no artigo 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, aos acordos de aprobación das bases de execución do orzamento xeral do Concello vixente para cada exercicio.

Sexto.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia e fixar no taboleiro de anuncios da Corporación.

Proposta de modificación da plantilla de persoal para a modificación das retribucións do posto de persoal eventual.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 7, En contra: 0,
Abstencións: 6, Ausentes: 0

Sra. Alcaldesa: Da conta da proposta de alcaldía seguinte:

“Visto o artigo 12 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público (EBEP en diante), segundo o cal “1. Es personal eventual el que, en virtud de nombramiento y con carácter no permanente, sólo realiza funciones expresamente calificadas como de confianza o asesoramiento especial, siendo retribuido con cargo a los créditos presupuestarios consignados para este fin.

2. Las Leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto determinarán los órganos de gobierno de las Administraciones Públicas que podrán disponer de este tipo de personal. El número máximo se establecerá por los respectivos órganos de gobierno. Este número y las condiciones retributivas serán públicas.

3. El nombramiento y cese serán libres. El cese tendrá lugar, en todo caso, cuando se produzca el de la autoridad a la que se preste la función de confianza o asesoramiento.

4. La condición de personal eventual no podrá constituir mérito para el acceso a la Función Pública o para la promoción interna.

Al personal eventual le será aplicable, en lo que sea adecuado a la naturaleza de su condición, el régimen general de los funcionarios de carrera.”

Visto, por outra banda, o artigo 104 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), segundo o cal “1. El número, características y retribuciones del personal eventual será determinado por el Pleno de cada Corporación, al comienzo de su mandato. Estas determinaciones solo podrán modificarse con motivo de la aprobación de los Presupuestos anuales.



2. El nombramiento y cese de estos funcionarios es libre y corresponde al Alcalde o al Presidente de la entidad local correspondiente. Cesan automáticamente en todo caso cuando se produzca el cese o expire el mandato de la autoridad a la que presten su función de confianza o asesoramiento.

3. Los nombramientos de funcionarios de empleo, el régimen de sus retribuciones y su dedicación se publicarán en el Boletín Oficial de la Provincia y, en su caso, en el propio de la Corporación.”.

Visto o artigo 104 bis da LRBRL que dispón o seguinte:

“1. Las dotaciones de puestos de trabajo cuya cobertura corresponda a personal eventual en los Ayuntamientos deberán ajustarse a los siguientes límites y normas (...):

b) Los Ayuntamientos de Municipios con población superior a 5.000 y no superior a 10.000 habitantes podrán incluir en sus plantillas puestos de trabajo de personal eventual por un número que no podrá exceder de uno(...)”

Visto, asemade, o artigo 176 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL en adiante).

Visto, por último, o artigo 250 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA en adiante), que reproduce o indicado nos dous últimos preceptos citados.

Considerando que, o primeiro paso imprescindible para a creación e dotación das prazas indicadas é contemplalas na plantilla do Concello de Salceda de Caselas, como esixen o mencionados artigos 176.2 TRRL e 250.2 LALGA, así coma nos artigos 90.1 par 1º LRBRL.

Considerando que actualmente se atopa en vigor o Orzamento Xeral do Concello de Salceda de Caselas prorrogado para 2019, que de acordo co artigo 126.3 TRRL “La modificación de las plantillas durante la vigencia del Presupuesto requerirá el cumplimiento de los tramites establecidos para la modificación de aquel” (texto tamén reiterado no artigo 232.1 par 3º LALGA) e que, segundo o artigo 21.5 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, “En tanto no se apruebe el presupuesto definitivo, el prorrogado podrá ser objeto de cualquiera de las modificaciones previstas por la Ley.”

Considerando cando antecede PROPOÑO ao Pleno do Concello coma órgano competente na materia, previa a súa fiscalización preceptiva pola Intervención do Concello:



Primeiro: Manter como persoal eventual do Concello o posto que xa consta na plantilla e no anexo de persoal do Concello do orzamento prorrogado para 2019 “Asesor/a da Alcaldía-Presidencia do Concello” modificando as súas retribucións da seguinte forma:

Retribucións: 21000,00 euros (total anual bruto) (1500,00 euros brutos en 12 pagas mensuais e 2 extraordinarias).

Segundo: Aprobar inicialmente a modificación da plantilla e do anexo de persoal do Concello incluído no Orzamento Xeral do Concello prorrogado para 2019.

Terceiro: Expoñer ao público as modificacións aprobadas inicialmente, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalas e presentar reclamacións ante o Pleno. As devanditas modificacións consideraranse definitivamente aprobadas se durante o devandito prazo non se tivesen presentado reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

Cuarto: Unha vez aprobadas definitivamente as modificacións propostas, darase conta, no prazo máximo de 30 días, á Administración do Estado e á Administración da Comunidade Autónoma, procedéndose á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.”

Sra. Alcadesa: Este punto xa está debatido no punto anterior como xa quedaramos, como Santi me pediu aclarar a súa posición con respecto deste punto, pasa a aclarar:

Sr. Rodríguez Davila: O que se vai votar agora é o cargo de confianza, e nós estamos de acordo que a Alcaldía teña o cargo de confianza o que non estamos de acordo é que non se sepa quen é a persoa de confianza, nós nos imos a abster porque non sabemos quen vai ser a persoa.

Sra. Tourón Domínguez: Simplemente un apunte, se o PP considera que si hai persoas que merecen mais ou menos polo traballo que van facer, eu lle pido ao PP que espere catro anos, e xulgue o que traballamos

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por SETE votos a favor do/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda e dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PSdeG-PSOE e SEIS abstencións dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Partido Popular; adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Manter como persoal eventual do Concello o posto que xa consta na plantilla e no anexo de persoal do Concello do orzamento prorrogado para 2019



“Asesor/a da Alcaldía-Presidencia do Concello” modificando as súas retribucións da seguinte forma:

Retribucións: 21000,00 euros (total anual bruto) (1500,00 euros brutos en 12 pagas mensuais e 2 extraordinarias).

Segundo: Aprobar inicialmente a modificación da plantilla e do anexo de persoal do Concello incluído no Orzamento Xeral do Concello prorrogado para 2019.

Terceiro: Expoñer ao público as modificacións aprobadas inicialmente, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalas e presentar reclamacións ante o Pleno. As devanditas modificacións consideraranse definitivamente aprobadas se durante o devandito prazo non se tivesen presentado reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

Cuarto: Unha vez aprobadas definitivamente as modificacións propostas, darase conta, no prazo máximo de 30 días, á Administración do Estado e á Administración da Comunidade Autónoma, procedéndose á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dación de conta da constitución de grupos políticos municipais.

Comunícase ao Pleno do Concello que, de conformidade co artigo 24 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e artigo 75 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, que regulan a constitución dos grupos políticos, constan presentados na Secretaría do Concello dentro do prazo de cinco días hábiles seguintes á constitución da Corporación, os escritos do Partido Popular, Movemento Salceda e PSdeG-PSOE, suscritos pola totalidade dos concelleiros electos de cada formación política, manifestando o seu desexo de constituirse en grupos políticos municipais.

Faise constar os voceiros e suplentes dos distintos grupos políticos, cualidade que ostentarán os seguintes concelleiros:

1.- Grupo municipal Partido Popular:

Voceiro: Santiago Rodríguez Davila

Suplentes: Joaquín Núñez Troncoso e a Ana Cristina Pérez Cabaleiro.



2.- Grupo municipal Movemento Salceda

Voceiro: Alejandro Rodríguez Canosa

Suplente: Lucía Pereira González

3.- Grupo municipal PSdeG-PSOE:

Voceira: Verónica Tourón Domínguez

Suplentes: Ángela Ledo Souto e Rubén González Coto.

Dación de conta das resolucións de Alcaldía en materia de nomeamentos e delegacións.

Dase conta dos Decretos núm. 2019-624, 625, 627, 632 e 633.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

